

Roteiro 4

O Espazo Construído



Olelas, Entrrimo. X. LORENZO, ca. 1950 (Legado X. Lorenzo)





O espazo constitúe o ámbito no que o ser humano se relaciona co seu medio. A O espazo organízase de tal xeito que case non hai un anaco de terra que non cumpra unha función.

Factores de carácter material -o clima, os materiais, a tecnoloxía...- e outros de carácter sociocultural -a economía, os costumes, os conceptos estéticos...-, determinan as distintas solucións espaciais e construtivas que pola súa identificación con cada pobo e as súas inmediatas necesidades constitúen un dos seus más destacados sinais de identidade.

Destas solucións, a casa-vivenda é quizais o exemplo máis claro desa identidade contida na arquitectura. A casa acubilla o elemento básico da sociedade, mais á súa vez habita o lugar común do territorio. A través dela pódese facer un seguimento das transformacións sociais e das formas de habitar o espazo que un pobo ten ao longo do tempo.





A casa tradicional dispón de espazos para gardar os apeiros de labranza, os froitos das colleitas e os animais. A organización da casa tamén revela con frecuencia as pautas da vida cotiá: o descanso e a reunión da familia na cociña a carón do lume; a organización das celebracións ao redor, case sempre, da comida para o que se dispón normalmente da sala-comedor.

Este espazo destinado na sociedade tradicional galega a servir a distintos tipos de actividades produtivas, residenciais...non ten unha única tipoloxía. Imos atopar a través do territorio galego distintas organizacións desta edificación en función do tipo de explotación dominante e das características dos traballos que se teñen que realizar na propia casa, nos espazos inmediatos a ela e, de habelos, nos de carácter comunal.

Así, dependendo do lugar de Galicia no que se localicen, das necesidades dos seus habitantes e tamén das súas posibilidades, atopamos desde a palloza ata a casa mariñeira; casas con elementos que tamén varían segundo a zona como a escaleira exterior, o corredor, a solaina ou o patín; teitos feitos de colmo, de lousa ou de tella; diferentes dimensións en canto ao número de cuartos ou a distinta relevancia e disposición de espazos como a lareira ou a sala.





Así mesmo as vivendas pódense dispor formando aldeas pechadas, en liña ao longo dunha vía de comunicación ou espazadas entre si.

Ao redor da casa-vivenda temos as chamadas construcións adxectivas, suxeitas tamén a condicionantes similares aos da casa vivenda. Son aqueles espazos que forman parte da casa-vivenda e teñen funcións derivadas da necesidade de almacenamento, de producción, ou de transformación: os alpendres, os hórreos, as adegas, as airas, as alvarizas do mel, os muíños ou os fornos.

A configuración da paisaxe, as cercas ou as estruturas de mosaico das áreas rurais son o reflexo dunha organización socioeconómica do territorio. Refliten un xeito de posuír a terra e de usala que transcende o espazo da vivenda. Son solucións diversas a necesidades como delimitar a propiedade da terra, comunicar os distintos espazos de habitación, de traballo e de intercambio e relación, ou racionalizar e organizar o uso dos recursos enerxéticos. Balados, camiños, pasais e pontes, lavadoiros ou regas, ocupan densamente o territorio galego xunto a feiras, palcos da festa, ermidas, cruceiros, cemiterios e petos de ánimas.

